


ITINERARIO LECTOR. 1ºA

CURSO 23/24

O libro de lectura elixido para o itinerario lector na aula de 1ºA foi “Sete dentes de león”, de Leticia Costas e ilustrado por David Sierra. O libro fala dunha lenda ou explicación de como se craron as cores no mundo, cun dente de león de cada unha das cores do arco da vella, e da formación do arco da vella en sí

A aula está conformada por 23 alumnos e alumnas de entre 6 e 7 anos, que están a iniciarse no proceso de lectoescritura, e que presentan ritmos moi diferentes, pero que non semellan presentar neste punto ningunha dificultade ao respecto.

Traballo previo



Falamos das partes dun libro, do traballo da autora e do ilustrador, para darlle un mínimo de contexto. Fíxose unha posta en común de opinións sobre que trataría o libro soamente vendo a portada do mesmo.

Lectura do libro

Realizouse a lectura de forma conxunta, no que un alumno ou alumna lía en voz alta e o resto seguía a lectura en silencio co seu propio libro.

Aproveitouse este procedemento para:

- Aprendizaxe das normas de lectura en grupo
- Aprendizaxe das inflexións e entonación na lectura
- Aprendizaxe dos signos de puntuación na lectura en voz alta

Fíxose fincapé na correcta comprensión da lectura, analizando cada páxina tanto no texto coma nas ilustracións.

Ao final de cada sesión de lectura (5 en total) realizouse un pequeno debate ou posta en común sobre o que se leu ese día, para asegurar a comprensión do lido.

Traballo posterior

Cada alumno ou alumna realizou as seguintes tarefas:

- Colorear un debuxo da portada do libro
- Realizar un dente de león de cores con la para realizar un diorama conxunto



